

REI DE REIS

Nicholas Ray, 1961

1505

ESTREA EN NUMAX: 18.04.2025 | V.O.S.E. | 168 min

Cando as lexións de Roma conquistan Xudea, nun cortello dunha localidade chamada Belén nace un neno que é adorado por pastores e por tres magos de Oriente, que acudiron a el guiados por unha estrela. Ante o rumor de que naceu o Mesías, o rei Herodes ordena asasinar a todos os recentemente nados. Pero María e Xosé, pais do bebé, conseguen fuxir e salvar a vida do seu fillo.

«Nicholas Ray converte a paixón de Cristo no arrebatado drama interior dun home calquera que dubida»

Luis Martínez, EL MUNDO



Ray de reis

Por Nicolás Prividera

Nunha das súas manifestacións de idolatría Godard concluía unha crítica cunha declaración tan amorosa como intempestiva: “Nicholas Ray é o cinema”. Así (con esa empatía melodramática) enaltecían os “mozos turcos” da incipiente Nouvelle Vague a un director tan excesivo como rebelde (sen causa): despois de ter inmortalizado a fragilidade de James Dean e posto os pantalóns a Joan Crawford (amarga vitoria), Ray seguiu o destino dos seus outsiders: a fins dos cincuenta a súa carreira en Hollywood parecía acabada. Unha década despois, Ray filmaría aínda dúas películas máis, estraños experimentos que serían o seu xusto canto de cisne. Pero sería ese par de películas as primeiras que chegaron a nós, os nenos salvaxes dos 70, na versión amputada pola TV. Nunca entendemos do todo *55 días en Pequín* (1963), pero algo deixou en nós a ritual exposición a *Rei de reis* (1961) en cada semana santa.

(...) O notable do caso é que alguén pensase en Ray como director da máis grande haxiografía xamais filmada. Menos estraño é que esa feliz decisión deixou a máis influente das versións fílmicas de Cristo. Non sabemos se Pasolini viu nela algo máis que o seu perfecto adversario cando pouco despois entregou o seu *Evanxeo segundo San Mateo* (1964), pero abonda ver todas as aproximacións posteriores para descubrir a longa sombra de Ray: Scorsese o reverenciou ata o devoto plaxio (*A última tentación de Cristo* -1988- contén planos calcados, como o da ascensión da cruz), e Gibson construíu toda a súa longa sesión de tortura sobre o par de módicos planos que Ray dedica ao martirio. Distintas formas da paixón.

En verdade, Ray parece menos interesado en Cristo que no centurión, Herodes, e - ante todo- en Xudas... Experto en (anti)heroes crebados, Ray dedícalle ao traidor o único primeirísimo primeiro plano da película: é a súa mirada a cámara a que o público debeu enfrontar nun tamaño monstruoso, digno da acusación. Ou a defensa, porque o personaxe parece moldeado segundo a conclusión das "Tres versiones de Judas" de Borges: coma se a película descubriese nel ao inconfesado verdadeiro heroe tráxico. Porque Xudas aparece non só como soporte de Cristo, senón como lugartenente de Barrabás (convertido aquí nunha sorte de guerrilleiro revolucionario, marca non menor a inicios dunha década dos sesenta filla dos procesos de descolonización). O guión parece optar por un Cristo que fala e loce como Gandhi pero Ray móstrao como unha sorte de monicreque do destino que nos provoca menos empatía que o arrependido Xudas.

Volvo rever o filme anos despois e descubro por primeira vez o technicolor (axeitado á estética católica) e o notable uso do scope (como Lean, Ray sabía que a pantalla ancha podía servir para algo máis que para filmar "serpes e funerais", como ironizaba Lang n'*O desprezo* -1963-): a longa secuencia do sermón da montaña demostra a precisión de Ray no delicado equilibrio entre o heroe e a multitude (un dos temas centrais de calquera épica). E agora podo entender por que Hollywood foi a buscar a Roma (e non a Grecia) ese espírito que xa non atopaba nun western que enfrontaba o seu ocaso (na época dos grandes westerns crepusculares de Ford e Peckinpah). A Roma da decadencia era finalmente unha versión máis próxima a ese Hollywood (Babilonia e Imperio), gobernado por unha caste que empezaba a ceder de mala gana o seu lugar á xeración que viría devolverlle a súa grandeza.